

ACTA DE ACORDOS

COMISIÓN DELEGADA

30/03/2025

Dita reunión celébrase por vía telemática sendo as 10:00 horas do día 30/03/2025.

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Presentación das contas anuais correspondente ao exercicio 2024.

O tesoureiro procede a explicar detalladamente as distintas partes das Contas Anuais 2024:

- *Conta de Perdas e Ganancias – [Anexo 1](#)*

Neste exercicio 2024 tivemos uns ingresos federativos que ascenderon a 479.344,00€ e uns ingresos de explotación de 116.551,62€. En canto aos gastos, tivemos uns gastos de persoal de -74.503,00€, uns gastos de explotación que ascenderon a -429.889,49€ e unha Amortización do inmovilizado por importe de -17.024,27€.

A suma de estes apartados deunos un Resultado de Explotación de 74.478,86€.

E por outro lado, tivemos un deterioro por ventas ou traspasos de instrumentos financeiros (subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio) que ascenderon a 6.000,00€.

A suma do Resultado de Explotación e desta última partida, deunos como Resultado do Exercicio 2024 un importe de 80.478,86€ (Beneficios).

- Balance de Situación - [Anexo 2](#)

No exercicio 2024 contamos cun activo non corrente de 66.284,31€ e un activo corrente de 310.940,63€, sumando un Total Activo de 377.224,94€.

Por outro lado, temos un patrimonio neto de 368.198,02€, un pasivo non corrente de 0,00€ e un pasivo corrente de 9.026,92€, sumando un Total de Patrimonio neto e Pasivo de 377.224,94€.

- Memoria Económica 2024 - [Anexo 3](#)

A memoria económica desta Federación detalla as actividades realizadas por esta entidade así como os recursos económicos destinados a cada fin.

Ao igual que nos puntos anteriores, o tesoureiro explica pormenorizadamente os distintos apartados da memoria adxunta.

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día.

3º.: Informe Auditoría 2023.

Segundo a Orde de 12 de Abril de 2024 pola que se determinan as Federacións deportivas que deberán presentar informe de auditoría das contas anuais de 2023 e auditorías operativas, a Secretaría Xeral para o Deporte estableceu un listado de Federacións deportivas que deberon presentar dito informe, estando a Federación Galega de Ximnasia entre elas.

Dita auditoría de contas foi encargada para todas as federacións dacordo coa lei vixente á empresa AUREN AUDITORES SP S.L.P., presentando o informe final relativo á nosa federación o 8 de Outubro de 2024.

Mostramos á Asemblea o informe da empresa auditora facendo fincapé na opinión emitida, [Anexo 4](#): “as contas anuais abreviadas adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA a 31 de Decembro de 2023, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio terminado en dita data...”.

O informe da Auditoría ten o visto e praxe dos membros da Comisión Delegada.

4º.: Presentación da Memoria Deportiva do 2024.

Procédese á lectura de Memoria Deportiva da tempada 2024.

Toda a información relativa a gastos Xerais está recollida na nosa web no apartado de Lei de Transparencia onde temos un apartado de información económica.

No apartado de Actividade ordinaria destacamos o peche do ano 2024 cun total de 7.494 licenzas federativas desglosadas por modalidade e por tipo de licenza no documento adxunto [Anexo 5](#). No ano 2024 tivemos 44 clubs con licenza homologada pola RFEG e 39 clubs e/ou escolas autonómicas.

En cuanto ao apartado de competicións recollemos as 26 competicións autonómicas nas distintas modalidades da ximnasia. Participamos en 17 campionatos nacionais.

Recollemos a Copa Federacións de ximnasia estética que no ano 2024 aprobada para a súa celebración en tres fases durante o ano, previo á comunicación da realización do Campionato de España a finais do ano 2024. O presidente desta Federación realiza una aclaración neste punto, informando ós asistentes de que esta modalidade xa se encontra adherida por completo á RFEG, sendo efectivo este cambio desde principios do ano 2024.

Con respecto ao programa de Tecnificación recollemos as liñas xerais de actuación e a nivel particular o realizado na tempada 2024 por parte de cada comité técnico.

No programa relativo a Deporte Escolar salientar o incremento de participación en tódalas modalidades. No arquivo adxunto [Anexo 5](#) podemos ver con detalle cada campionato coa súa participación.

A Copa Deputación é un proxecto patrocinado pola Deputación de Ourense apoiando o deporte de base así como achegar a ximnasia aos núcleos rurais. A competición realízase nas modalidades de Ximnasia Rítmica, Acrobática e Trampolín así como en exhibicións das distintas modalidades de ximnasia xeral e estética.

Destacar tamén o incremento de participación no Campionato de Promoción e Prebase recollido na táboa explicativa do arquivo adxunto.

No programa relativo a Competicións Internacionais salientar que a modalidade de ximnasia con maior proxección internacional é a Ximnasia Trampolín con resultados salientables a nivel internacional. Recoller tamén as nosas Copas Galicia Internacionais nas modalidades de Trampolín e Acrobática.

No programa de Docencia recollemos os cursos de adestradores de I Nivel de X. Rítmica e Trampolín, o II Nivel de X. Rítmica e o III Nivel de X. Rítmica e Trampolín.

Para finalizar a memoria recollemos unha pequena mostra da galería de Imaxes e Cartelería, recollendo unha mostra do uso das imaxes corporativas así como momentos dos campionatos autonómicos, nacionais e internacionais celebrados na tempada 2024.

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día.

5º.: Presentación do Calendario de Actividades 2025.

Presentamos o calendario de Actividades previstas para esta tempada 2025. Adxuntamos [Anexo 6](#).

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día.

6º.: Modificación do regulamento de competición, artigo 35.

O presidente comunica a actualización do artigo presente no regulamento de competición ([Anexo 7](#)) que aclara os tipos de clasificación que se poden dar nas diferentes casuísticas detalladas nel.

“Art. 35.-As clasificacións dos/as ximnastas estableceranse polo que se especifique na normativa técnica de cada especialidade e categoría. Segundo as competicións e participación estableceranse as seguintes normas:

I. Competicións exclusivamente autonómicas,(aquelas sen campionatos nacionais posteriores)

1. Clasificación Xeral: Obterase por a participación de ximnastas con licenza por esta federación.

2. En casos excepcionais podería haber Clasificación Xeral Open, se participasen, previa solicitude e/ou invitación, ximnastas doutras federacións autonómicas.

II. Competicións autonómicas con clasificación aos campionatos nacionais ou os que, sen ser clasificatorios, dan acceso a eses nacionais.

1. Clasificación Xeral: Obterase por os resultados de ximnastas de nacionalidade española con licenza por esta federación.

2. Clasificación Xeral Open: Obterase por os resultados de todos/as ximnastas participantes.

a) Ximnastas de nacionalidade española con licenza por a FGX.

b) Ximnastas con licenza por outra federación autonómica distinta á FGX

c) Ximnastas estranxeiros, de países da UE

d) Ximnastas estranxeiros, de países fóra da UE, con residencia legal en España (NIE)

Nesta derradeira clasificación, open, non haberá entrega por exercicios e/ou aparatos, cando, a suma destes, de lugar a unha clasificación xeral, na que si se darán premios.

No caso de ambas clasificacións, xeral e open, coincidisen nos seus resultados non haberá entrega na clasificación open."

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día.

8º.: Suxerencias e preguntas.

Non hai alegacións neste punto da orde do día.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 11:00 horas do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.



Federación Galega de Ximnasia

R/Carlos Maside s/n 32002-Ourense
Tlfno.: 988238999 – www.ximnasia.com
C.E.: info@ximnasia.com



Asdo.: M^a Belén Ferreiro Amoedo

Ourense, 02 de abril de 2025